

# CINE DE VERÁN

## FÓRA DE CONTEXTO

### CICLO DE CINE TURISTA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

5-20 xullo 2017

Horario: 22:30 h

O CGAC e o Cineclube de Compostela programan unha nova edición do Cine de Verán.

Este ano, no cinema ao aire libre, proxectaremos *Fóra de contexto. Ciclo de cine turista*, dirixido por Cibrán Tenreiro. As noites dos mércores e xoves do mes de xullo a partir das 22:30 h poderemos gozar de seis grandes títulos do cinema internacional que ofrecen unha particular mirada arredor da figura do turista e da viaxe.

“O cinema naceu viaxando. Aos dous anos de presentar o invento, os irmáns Lumière tiñan operadores filmando todos os continentes para un público entusiasmado coa idea de coñecer o mundo sentado nunha sala escura. Co tempo, a experiencia do turista volveuse accesible para o común da xente, e as películas pasaron de ser fermosas postais de lugares exóticos a contar tamén os relatos desas persoas que abandonaron a casa para situarse fóra de contexto. Ten sentido, xa que o labor do turista e o do cineasta é o mesmo: mirar.

Así, estes seis filmes son, por unha parte, a excusa para aforrar cartos e ver Memphis, Mohang, Venecia, as Illas Eolias, as montañas de Xeorxia ou Viena desde o asento. Pero tamén para observar os turistas desde distintas perspectivas. Ás veces os viaxeiros son un elemento que altera o equilibrio previo entre un lugar e os seus habitantes: *Deliverance* (Defensa) deriva esa tensión cara ao terror para uns arrogantes excursionistas que desafían a natureza da Norteamérica profunda, mentres *Da-reun na-ra-e-suh* (Noutro país) converte os malentendidos e a estraña liberdade que dá o choque lingüístico nun humor onírico pero lúcido. Noutras ocasións, os turistas poden ser o que non son na súa vida diaria. Viven excitados, abertos á casualidade do romance (como en *Before Sunset* [Antes do amencer]), ou á imaxinación e ao xogo (como en *Caro diario* [Querido diario]), pero tamén á decepción de non cumprir as expectativas: *Mystery Train* opón o mito de Elvis visto desde fóra á misteriosa realidade dun Memphis descoidado, e Katherine Hepburn cruza o Atlántico coa esperanza de que Venecia lle cambie a vida en *Summertime* (Tolemias de verán). A frustración vén ás veces de quedar na postal, na superficie das cousas, pero a mirada destes cineastas atopa no turismo conflitos profundos, drama e comedia, ata facer que as viaxes paguen a pena”.

Cibrán Tenreiro



Fotograma de *Da-reun na-ra-e-suh* (Hong Sang-Soo, 2012)

El CGAC y el Cineclube de Compostela programan una nueva edición del Cine de Verano.

Este año, en el cine al aire libre, proyectaremos *Fuera de contexto. Ciclo de cine turista*, dirigido por Cibrán Tenreiro. Las noches de los miércoles y jueves del mes de julio a partir de las 22:30 h podremos disfrutar de seis grandes títulos del cine internacional que ofrecen una particular mirada alrededor de la figura del turista y del viaje.

“El cine nació viajando. A los dos años de haber presentado el invento, los hermanos Lumière tenían operadores filmando todos los continentes para un público entusiasmado con la idea de conocer el mundo sentado en una sala oscura. Con el tiempo, la experiencia del turista se volvió accesible para la gente común, y las películas pasaron de ser hermosas postales de lugares exóticos a contar también los relatos de quienes abandonaron sus casas para situarse fuera de contexto. Tiene sentido, ya que la labor del turista y la del cineasta es la misma: mirar.

Así, estos seis filmes son, por una parte, una excusa para ahorrar dinero y ver Memphis, Mohang, Venecia, las Islas Eolias, las montañas de Georgia o Viena desde el asiento. Pero también para observar a los turistas desde distintas perspectivas. A veces los viajeros son un elemento que altera el equilibrio previo entre un lugar y sus habitantes: *Deliverance* (Defensa) deriva esa tensión hacia el terror para unos arrogantes excursionistas que desafían la naturaleza de la Norteamérica profunda, mientras *Da-reun na-ra-e-suh* (En otro país) convierte los malentendidos y la extraña libertad que da el choque lingüístico en un humor onírico pero lúcido. En otras ocasiones, los turistas pueden ser lo que no son en su vida diaria. Viven excitados, abiertos a la casualidad del romance (como en *Before Sunrise* [Antes del amanecer]), o a la imaginación y al juego (como en *Caro diario* [Querido diario]), pero también a la decepción de no cumplir las expectativas: *Mystery Train* opone el mito de Elvis visto desde fuera a la misteriosa realidad de un Memphis descuidado, y Katherine Hepburn cruza el Atlántico con la esperanza de que Venecia le cambie la vida en *Summertime* (Locuras de verano). La frustración viene a veces de quedarse en la postal, en la superficie de las cosas, pero la mirada de estos cineastas encuentra en el turismo conflictos profundos, drama y comedia, hasta hacer que los viajes merezcan la pena”.

Cibrán Tenreiro

## PROGRAMA

MÉRCORES, 5 DE XULLO



### **Mystery Train**

Dirección e guión: Jim Jarmusch / Intérpretes: Masatoshi Nagase, Youki Kudoh, Nicoletta Braschi, Cinqué Lee, Screamin' Jay Hawkins, Elizabeth Bracco, Tom Noonan, Steve Buscemi, Tom Waits, Rick Aviles, Joe Strummer / Estados Unidos - Xapón, 1989 / Xénero: comedia / Duración: 105 min / Non recomendada para menores de 13 anos

Tres historias suceden en Memphis ao mesmo tempo. En "Lonxe de Yokohama", unha parella xaponesa chega entusiasmada coa vontade de peregrinar aos lugares emblemáticos da vida de Elvis Presley e as orixes do *rock and roll*. En "Unha pantasma", unha muller italiana ten que pasar o día na cidade esperando un avión para repatriar o cadáver do seu marido. En "Perdidos no espazo", o alcohol leva a tres homes a acabar perseguidos pola lei. Inspirado pola idea de Memphis como icona dunha cultura americana en decadencia, Jim Jarmusch utilizou diferentes puntos de vista para retratar o seu carácter mítico, e contou coa participación de figuras emblemáticas da música como Joe Strummer, Screamin' Jay Hawkins, Rufus Thomas ou Tom Waits.

XOVES, 6 DE XULLO

### **Da-reun na-ra-e-suh (Noutro país)**

Dirección e guión: Hong Sang-Soo / Intérpretes: Isabelle Huppert, Yu Jun-Sang, Moon So-Ri, Jung Yu-Mi, Yoon Yeo-Jung, Moon Sung-Geun / Corea do Sur, 2012 / Xénero: comedia / Duración: 89 min / Para todos os públicos

Isabelle Huppert exerce de turista neste filme de Hong Sang-Soo. Non só dentro del, senón tamén na realidade: o director preguntoulle se quería participar nunha película para a que só tiña decidido o lugar onde filmala, e ao sumarse encantada ao elenco de actores coreanos acabou dándolle forma á película. Huppert interpreta tres variacións sobre a mesma historia. Unha muller francesa chamada Anne chega á cidade costeira de Mohang e alí recibe a axuda da dona do motel onde se hospeda e a dun socorrista. Hong Sang-Soo retorce os códigos da realidade e fai comedia desde o absurdo da comunicación entre persoas que non falan o mesmo idioma.

MÉRCORES, 12 DE XULLO

### **Summertime (Tolemias de verán)**

Dirección: David Lean / Guión: David Lean, H. E. Bates (Novela: Arthur Laurents) / Intérpretes: Katharine Hepburn, Rossano Brazzi,

## PROGRAMA

MIÉRCOLES, 5 DE JULIO

### **Mystery Train**

Dirección y guión: Jim Jarmusch / Reparto: Masatoshi Nagase, Youki Kudoh, Nicoletta Braschi, Cinqué Lee, Screamin' Jay Hawkins, Elizabeth Bracco, Tom Noonan, Steve Buscemi, Tom Waits, Rick Aviles, Joe Strummer / Estados Unidos - Japón, 1989 / Género: comedia / Duración: 105 min / No recomendada para menores de 13 años

Tres historias suceden en Memphis al mismo tiempo. En "Lejos de Yokohama", una pareja japonesa llega entusiasmada con la voluntad de peregrinar a los lugares emblemáticos de la vida de Elvis Presley y los orígenes del *rock and roll*. En "Un fantasma", una mujer italiana tiene que pasar el día en la ciudad esperando un avión para repatriar el cadáver de su marido. En "Perdidos en el espacio", el alcohol lleva a tres hombres a acabar perseguidos por la ley. Inspirado por la idea de Memphis como icono de una cultura americana en decadencia, Jim Jarmusch utilizó diferentes puntos de vista para retratar su carácter mítico, y contó con la participación de figuras emblemáticas de la música como Joe Strummer, Screamin' Jay Hawkins, Rufus Thomas o Tom Waits.

JUEVES, 6 DE JULIO



### **Da-reun na-ra-e-suh (En otro país)**

Dirección y guión: Hong Sang-Soo / Reparto: Isabelle Huppert, Yu Jun-Sang, Moon So-Ri, Jung Yu-Mi, Yoon Yeo-Jung, Moon Sung-Geun / Corea del Sur, 2012 / Género: comedia / Duración: 89 min / Para todos los públicos

Isabelle Huppert ejerce de turista en este filme de Hong Sang-Soo. No solo dentro de él, sino también en la realidad: el director preguntó si quería participar en una película para la que solo había decidido el lugar donde filmarla, y al sumarse encantada al reparto de actores coreanos acabó dando forma a la película. Huppert interpreta tres variaciones sobre la misma historia. Una mujer francesa llamada Anne llega a la ciudad costera de Mohang y allí recibe la ayuda de la dueña del motel donde se hospeda y de un socorrista. Hong Sang-Soo retorce los códigos de la realidad y hace comedia desde lo absurdo de la comunicación entre personas que no hablan el mismo idioma.

MIÉRCOLES, 12 DE JULIO

### **Summertime (Locuras de verano)**

Dirección: David Lean / Guión: David Lean, H. E. Bates (Novela: Arthur Laurents) / Reparto: Katharine Hepburn, Rossano Brazzi,





Darren McGavin, Jane Rose, Mari Aldon, MacDonald Parke, Gaitano Aveiro, Jeremy Spenser, Isa Miranda / Reino Unido - Estados Unidos, 1955 / Género: comedia romántica / Duración: 100 min / Para todos os públicos

Unha muller solteira e de mediana idade (Katherine Hepburn) cumpre o seu soño de toda a vida e viaxa a Venecia logo de aforrar durante anos. Ten a esperanza de atopar alí o romance que ata entón a esquivou, e percorre a cidade entre a fascinación pola beleza de cada edificio e a tristeza pola súa propia soidade. Ata que coñece a Renato, un atractivo e galante anticuario... Antes de dirixir as épicas *Lawrence de Arabia* ou *Doutor Zhivago*, David Lean dirixiu esta película que combina de xeito insólito o clasicismo ou os estereotipos do turismo con elementos estrañamente modernos para a época, esquecendo por momentos a narración para deixarse levar pola contemplación e compoñendo con Hepburn un personaxe feminino complexo, forte e vulnerable a un tempo.

XOVES, 13 DE XULLO

#### **Caro diario (Querido diario)**

Dirección e guión: Nanni Moretti / Intérpretes: Nanni Moretti, Renato Carpentieri, Antonio Neiwiller, Jennifer Beals, Moni Ovadia, Carlo Mazzacurati, Valerio Magrelli, Claudia della Seta, Lorenzo Alessandri / Italia, 1993 / Género: comedia / Duración: 96 min / Para todos os públicos

Nanni Moretti filma tres capítulos do seu diario. No primeiro, "En Vespa", pasea por unha Roma calorosa e case baleira na súa moto, observando edificios e lugares mentres mestura a realidade coa súa imaxinación e reflexiona sobre o cinema, o urbanismo ou o baile. No segundo, "Illas", escapa da cidade para visitar a un amigo nas Illas Eolias, pasando por todo o arquipélago á procura da tranquilidade. No terceiro, "Médicos", relata as súas dificultades para diagnosticar e curar unha enfermidade. Moretti gañou o premio a mellor director en Cannes por esta película na que utiliza a autobiografía como motor dun cinema completamente libre, capaz de conxugar o humor surrealista e a cinefilia co drama das súas experiencias persoais.

MÉRCORES, 19 DE XULLO

#### **Deliverance (Defensa)**

Dirección: John Boorman / Guión: James Dickey (Novela: James Dickey) / Intérpretes: Jon Voight, Burt Reynolds, Ned Beatty, Ronny Cox, James Dickey, Billy McKinney / Estados Unidos, 1972 / Género: *thriller* / Duración: 110 min / Para maiores de 18 anos

Darren McGavin, Jane Rose, Mari Aldon, MacDonald Parke, Gaitano Aveiro, Jeremy Spenser, Isa Miranda / Reino Unido - Estados Unidos, 1955 / Género: comedia romántica / Duración: 100 min / Para todos los públicos

Una mujer soltera y de mediana edad (Katherine Hepburn) cumple su sueño de toda la vida y viaja a Venecia después de haber ahorrado durante años. Tiene la esperanza de encontrar allí el romance que hasta entonces le ha sido esquivo, y recorre la ciudad entre la fascinación por la belleza de cada edificio y la tristeza por su propia soledad. Hasta que conoce a Renato, un atractivo y galante anticuario... Antes de dirigir las épicas *Lawrence de Arabia* o *Doctor Zhivago*, David Lean dirigió esta película que combina de manera insólita el clasicismo o los estereotipos del turismo con elementos estrañamente modernos para la época, olvidando por momentos a narración para dejarse llevar por la contemplación y componiendo con Hepburn un personaje femenino complejo, fuerte y vulnerable a coro.

JUEVES, 13 DE JULIO



#### **Caro diario (Querido diario)**

Dirección y guión: Nanni Moretti / Reparto: Nanni Moretti, Renato Carpentieri, Antonio Neiwiller, Jennifer Beals, Moni Ovadia, Carlo Mazzacurati, Valerio Magrelli, Claudia della Seta, Lorenzo Alessandri / Italia, 1993 / Género: comedia / Duración: 96 min / Para todos los públicos

Nanni Moretti filma tres capítulos de su diario. En el primero, "En vespa", pasea por una Roma calurosa y casi vacía en su moto, observando edificios y lugares mientras mezcla la realidad con su imaginación y reflexiona sobre el cine, el urbanismo o el baile. En el segundo, "Islas", huye de la ciudad para visitar a un amigo en las Islas Eolias, recorriendo todo el archipiélago en busca de la tranquilidad. En el tercero, "Médicos", relata sus dificultades para diagnosticar y curar una enfermedad. Moretti ganó el premio a mejor director en Cannes por esta película en la que utiliza la autobiografía como motor de un cine completamente libre, capaz de conxugar el humor surrealista y la cinefilia con el drama de sus experiencias personales.

MIÉRCOLES, 19 DE JULIO

#### **Deliverance (Defensa)**

Dirección: John Boorman / Guión: James Dickey (Novela: James Dickey) / Reparto: Jon Voight, Burt Reynolds, Ned Beatty, Ronny Cox, James Dickey, Billy McKinney / Estados Unidos, 1972 / Género: *thriller* / Duración: 110 min / Para mayores de 18 años



Catro homes de Atlanta deciden ir de excursión ao norte de Xeorxia para descender polo río Cahulawassee en canoa antes de que o seu fermoso val sexa inundado pola construción dun encoro. Os locais advírtenos de que o seu plan é perigoso, pero eles trátanos con condescendencia e desafían a natureza salvaxe. John Boorman confronta a arrogancia do mundo urbano coas ameazas dun mundo non civilizado, nun esquema replicado en centos de filmes de terror. A tensión testosterónica entre os protagonistas medra conforme a violencia exterior os obriga a tomar decisións drásticas. Jon Voight e Burt Reynolds renunciaron a usar dobres na rodaxe, o que contribuíu a aumentar a forza realista do filme.

XOVES, 20 DE XULLO

**Before Sunrise (Antes do amencer)**

Dirección: Richard Linklater / Guión: Richard Linklater, Kim Krizan / Intérpretes: Ethan Hawke, Julie Delpy, Andrea Eckert, Hanno Pöschl, Erni Mangold, Haymon Maria Buttinger / Estados Unidos - Austria - Suíza, 1995 / Xénero: drama romántico / Duración: 101 min / Para todos os públicos

Jesse, un mozo estadounidense (Ethan Hawke), e Céline, unha moza francesa (Julie Delpy), coñécense nun tren e deciden baixar en Viena e pasar o día xuntos visitando a cidade antes de volver aos seus respectivos países. A premisa é simple e a película tamén: basicamente trata sobre dúas persoas que camiñan e falan. Pero no proceso, entre os diálogos máis reveladores e os máis banais, Céline e Jesse van coñecéndose ata que o filme acaba por converterse nun dos grandes romances da historia do cine. A forza da paixón xuvenil é compensada pola calma na narración, que funciona máis por acumulación de instantes que pola resolución de conflitos dramáticos. Linklater remataría por facer unha triloxía arredor dos dous protagonistas, engadindo capas de complexidade á súa relación en *Before Sunset* (Antes do atardecer, 2004) e *Before Midnight* (Antes da media noite, 2013).

DIRECCIÓN: Cibrán Tenreiro. Cineclube de Compostela

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Entrada libre e de balde. As películas proxectaranse en versión orixinal subtitulada en castelán. No caso de que chova, as proxeccións terán lugar no auditorio do CGAC.

O servizo de cafetería permanecerá pechado.



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602 / cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

Cuatro homes de Atlanta deciden ir de excursión al norte de Georgia para descender por el río Cahulawassee en canoa antes de que su hermoso valle sea inundado por la construcción de un embalse. Los locales les advierten de que su plan es peligroso, pero ellos los tratan con condescendencia y desafían la naturaleza salvaje. John Boorman compara la arrogancia del mundo urbano con las amenazas de un mundo no civilizado, en un esquema replicado en cientos de filmes de terror. La tensión testosterónica entre los protagonistas crece conforme la violencia exterior los obliga a tomar decisiones drásticas. Jon Voight y Burt Reynolds renunciaron a usar dobles en el rodaje, lo que contribuyó a aumentar la fuerza realista del film.

JUEVES, 20 DE JULIO



**Before Sunrise (Antes del amanecer)**

Dirección: Richard Linklater / Guión: Richard Linklater, Kim Krizan / Reparto: Ethan Hawke, Julie Delpy, Andrea Eckert, Hanno Pöschl, Erni Mangold, Haymon Maria Buttinger / Estados Unidos - Austria - Suiza, 1995 / Género: drama romántico / Duración: 101 min / Para todos los públicos

Jesse, un chico estadounidense (Ethan Hawke), y Céline, una joven francesa (Julie Delpy), se conocen en un tren y deciden bajar en Viena y pasar el día juntos visitando la ciudad antes de volver a sus respectivos países. La premisa es simple y la película también: básicamente trata sobre dos personas que caminan y hablan. Pero en el proceso, entre los diálogos más reveladores y los más banales, Céline y Jesse van conociéndose hasta que el film acaba por convertirse en un de los grandes romances de la historia del cine. La fuerza de la pasión juvenil es compensada por la calma en la narración, que funciona más por acumulación de instantes que por la resolución de conflictos dramáticos. Linklater remataría por hacer una triloxía alrededor de los dos protagonistas, añadiendo capas de complejidad a su relación en *Before Sunset* (Antes del atardecer, 2004) y *Before Midnight* (Antes del anochecer, 2013).

DIRECCIÓN: Cibrán Tenreiro. Cineclube de Compostela

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Entrada libre y gratuita. Las películas se proyectarán en versión original subtitulada en castellano. En caso de lluvia, las proyecciones tendrán lugar en el auditorio del CGAC.

El servicio de cafetería permanecerá cerrado.

cineclube de compostela

